
O GALIVERSO

empeza aquí



GALEGO

Canón do Sil

O escarpado canón que debuxa o río Sil ao cruzar Galicia é un espectáculo natural único que marca a fronteira entre as provincias de Lugo e Ourense. Nas súas case 6000 hectáreas de superficie danse desniveis de máis de 500 metros e paredes practicamente verticais. O particular microclima que esta paisaxe xerou durante séculos converteu a zona nunha das máis importantes produtoras de viño de Europa xa desde a época dos romanos. Cultivar as uvas nunha pendente tan pronunciada realizouse con técnicas tradicionais ata a actualidade, coñecidas como viticultura heroica.

Tellados cathedral de Tui

A cathedral de Tui é unha das máis singulares da Península Ibérica. Ocupa un pequeno soar na parte máis alta da cidade e grazas a esta posición estratéxica durante séculos non só foi un templo, senón tamén unha fortaleza que vixiaba a fronteira co veciño Portugal. Por esta situación xeográfica foi durante séculos o primeiro gran fito arquitectónico co que se atoparon os peregrinos a Santiago procedentes de Portugal ao cruzar o río Miño, que se divisa desde as súas cubertas. O seu pórtico occidental considérase a primeira portada con decoración escultórica executada en estilo gótico en toda a Península Ibérica.

Muralla de Lugo

A muralla romana de Lugo é un dos recintos fortificados urbanos mellor conservados da época romana no ámbito internacional. Aínda que non conserva na actualidade a súa altura orixinal, trátase dun monumento tan excepcional no mundo que forma parte desde o ano 2000 da Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Con máis de dezasete séculos de historia e 2000 metros de perímetro, rodea o centro histórico da cidade e converteuse en compañeira inseparable da vida dos seus habitantes.

Mosteiro de Santa María a Real de Oseira

O mosteiro de Oseira é un dos monumentos máis imponentes de Galicia. Ocupado desde o século XII por monxes cistercienses enviados por san Bernardo en persoa desde Francia, o seu poder medrou durante séculos ata converterse nun dos mosteiros máis ricos do noroeste da Península Ibérica. Esa riqueza pódese apreciar actualmente na súa exuberante arquitectura, porque desde a súa igrexa medieval a todas as súas dependencias monásticas, todos os espazos destacan pola súa riqueza construtiva.

Ponte de Ourense

Hai poucas cidades de Europa que crecesen tan vinculadas a unha infraestrutura como Ourense e a súa ponte. A súa orixe sitúase no Imperio Romano, pero o seu uso continuado ata a actualidade para salvar o ancho e escarpado val do Miño supuxo constantes reparacións e tarefas de mantemento e reconstrución. O seu aspecto actual correspóndese coa reconstrución barroca da súa estrutura medieval. A pesar de que na actualidade Ourense conta con pontes máis modernas, segue sendo a conexión principal entre as dúas metades da cidade e é un monumento moi popular e querido para os seus cidadáns.

San Paio de Narla

A coñecida como torre de Xiá en San Paio de Narla non só é unha das fortalezas medievais mellor conservadas de Galicia. Tamén é a sede dun dos museos etnográficos máis interesantes da comunidade e mantén nun excelente estado de conservación todas as dependencias engadidas ao castelo durante séculos. Desde o alto da súa torre pódese contemplar unha das mellores panorámicas dos prados e dos bosques da comarca de Lugo.

Santo Estevo

Santo Estevo de Ribas de Sil é o mosteiro por excelencia da Ribeira Sacra. Este tipo de enclaves, illados en espazos de gran beleza natural ás beiras de os ríos Miño e Sil, naceron como pequenos cenobios, que eran espazos monásticos aos que se retiraban pequenas comunidades de monxes para afastarse da sociedade desde a Idade Media. Aínda que Santo Estevo xa non se usa para a vida monástica desde hai tempo, conserva todas as dependencias propias dun gran mosteiro, a pesar da súa localización nunha contorna tan espectacular.

Santa Baia de Bóveda

Santa Baia de Bóveda é un dos monumentos máis fascinantes e misteriosos de Europa. Este singular templo subterráneo foi atopado por casualidade en 1909 durante unhas obras de restauración da igrexa moderna que se atopa sobre el. Coa súa estrutura de orixe romana, non existe en todo o territorio do imperio ningún edificio destas características. O seu excepcional valor artístico complétano as súas interesantes pinturas con motivos vexetais e animais, datadas no século VII, durante o dominio xermánico da Gallaecia nun momento de reutilización do vello edificio romano.

Interior Lanterna Torre de Hércules

Desde o alto da Torre de Hércules pódese divisar gran parte da costa galega. Este edificio non só domina a entrada do golfo Ártabro, que é un dos portos naturais máis importantes da costa atlántica peninsular. Tamén permite controlar a liña de costa desde Malpica ata máis alá de Ferrol. Precisamente por este motivo construíron aquí os romanos este edificio, único no mundo, que servía como guía a navegantes cara a porto pero tamén como símbolo do poder romano nun confín tan remoto do mundo. Esta fabulosa arquitectura é o rañaceo do mundo romano e o faro operativo máis antigo do mundo, razóns polas que forma parte, desde 2009, da Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO.

Interior Palloza Cebreiro

Esta vivenda tradicional da montaña lucense coñécese co nome de "palloza". Forma parte dun dos conxuntos mellor conservados de arquitectura popular de Galicia. Construída cos materiais da contorna para pasar os duros invernos en altura, atópase xunto ao paso de montaña de Pedrafita, polo cal, desde a Idade Media, cruzaron os fluxos de peregrinos de todo o mundo que realizaban, e seguen realizando, o Camiño Francés.

Cripta do Apóstolo

O núcleo simbólico da catedral compostelá e meta final dos miles de quilómetros de camiños de Santiago por toda Europa é este pequeno espazo que mostra a arca cos restos do Apóstolo Santiago. Esta escenografía foi creada no século XIX para poder mostrar a fieis e peregrinos o espazo de enterramento tradicional do Apóstolo no subsolo da catedral. Explorando esta cripta, que non é visitable ao público e só se pode ver nesta experiencia de realidade virtual, non só se pode ver a construción do século XIX senón tamén parte dos restos do enterramento orixinal romano que a rodean.

Faro de Fisterra

Aquí, en Fisterra, morre o sol no occidente europeo. Por esta localización simbólica, este cabo e o seu faro son un dos lugares máis coñecidos e visitados de Galicia e un escenario privilexiado para o espectáculo natural do atardecer. Fisterra, un topónimo que significa, precisamente, a fin do mundo, o lugar onde a terra desaparece baixo o océano. Con vistas de occidente e do monte Pindo cara ao sur, este lugar é o final do Camiño para miles de peregrinos, que tras visitar Compostela alongan o seu camiñar a este punto nun ritual de despedida do sol con certa memoria pagá.

CASTELLANO

Cañón Sil

El escarpado cañón que dibuja el río Sil al cruzar Galicia es un espectáculo natural único que marca la frontera entre las provincias de Lugo y Ourense. En sus casi 6.000 hectáreas de superficie se dan desniveles de más de 500 metros y paredes prácticamente verticales. El particular microclima que este paisaje ha generado durante siglos ha convertida a la zona en una de las más importantes productoras de vino de Europa ya desde época de los romanos. Cosechar las uvas en una pendiente tan pronunciada se ha realizado con técnicas tradicionales hasta la actualidad, conocidas como viticultura heroica.

Tejados Catedral de Tui

La catedral de Tui es una de las más singulares de la península Ibérica. Ocupa un pequeño solar en la parte más alta de la ciudad y gracias a esta posición estratégica durante siglos no solo fue un templo sino también una fortaleza que vigilaba la frontera con el vecino Portugal. Por esta situación geográfica ha sido durante siglos el primer gran hito arquitectónico con el que se han encontrado los peregrinos a Santiago procedentes de Portugal al cruzar el río Miño, que se divisa desde sus cubiertas. Su pórtico occidental se considera la primera portada con decoración escultórica ejecutada en estilo gótico en toda la península ibérica.

Muralla de Lugo

La muralla romana de Lugo es uno de los recintos fortificados urbanos mejor conservados de la época romana a nivel internacional. Aunque no conserva en la actualidad en su altura original, se trata de un monumento tan excepcional en el mundo que forma parte desde el año 2000 de la Lista de Patrimonio Mundial de la UNESCO. Con más de diecisiete siglos de historia y 2.000 metros de perímetro, rodea el centro histórico de la ciudad y se ha convertido en compañera inseparable de la vida de sus habitantes.

Monasterio de Santa María la Real de Oseira

El monasterio de Oseira es uno de los monumentos más imponentes de Galicia. Ocupado desde el siglo XII por monjes cistercienses enviados por San Bernardo en persona desde Francia, su poder creció durante siglos hasta convertirse en uno de los monasterios más ricos del noroeste de la península Ibérica. Esa riqueza se puede apreciar actualmente en su exuberante arquitectura, porque desde su iglesia medieval a todas sus dependencias monásticas, todos los espacios destacan por su riqueza constructiva.

Puente de Ourense

Hay pocas ciudades de Europa que hayan crecido tan vinculadas a una infraestructura como Ourense y su puente. Su origen se sitúa en el Imperio Romano, pero su uso continuado hasta la actualidad para salvar el ancho y escarpado valle del Miño supuso constantes reparaciones y tareas de mantenimiento y reconstrucción. Su aspecto actual se corresponde con la reconstrucción barroca de su estructura medieval. A pesar de que en la actualidad Ourense cuenta con puentes más modernos, sigue siendo la conexión principal entre las dos mitades de la ciudad y es un monumento muy popular y querido para sus ciudadanos.

San Paio de Narla

La conocida como torre de Xiá en San Paio de Narla no solo es una de las fortalezas medievales mejor conservadas de Galicia. También es la sede de uno de los museos etnográficos más interesantes de la comunidad y mantiene en un excelente estado de conservación todas las dependencias añadidas al castillo durante siglos. Desde lo alto de su torre se puede contemplar una de las mejores panorámicas de los prados y bosques de la comarca de Lugo.

Santo Estevo

Santo Estevo de Ribas de Sil es el monasterio por excelencia de la Ribeira Sacra. Este tipo de enclaves, aislados en espacios de gran belleza natural a las orillas de los ríos Miño y Sil, nacieron como pequeños cenobios, que eran espacios monásticos a los que se retiraban pequeñas comunidades de monjes para alejarse de la sociedad desde la Edad Media. Aunque Santo Estevo ya no se usa para vida monástica desde hace tiempo, conserva todas las dependencias propias de un gran monasterio, a pesar de su ubicación en un entorno tan espectacular.

Santa Baia de Bóveda

Santa Baia de Bóveda es uno de los monumentos más fascinantes y misteriosos de Europa. Este singular templo subterráneo fue encontrado por casualidad en 1909 durante unas obras de restauración de la iglesia moderna que se encuentra sobre él. Con su estructura de origen romano, no existe en todo el territorio del imperio ningún edificio de estas características. Su excepcional valor artístico lo completan sus interesantes pinturas con motivos vegetales y animales, datadas en el siglo VII, durante el dominio germánico de Gallaecia en un momento de reutilización del viejo edificio romano.

Interior linterna Torre de Hércules

Desde lo alto de la Torre de Hércules se puede divisar gran parte de la costa gallega. Este edificio no solo domina la entrada del Golfo Ártabro, que es uno de los puertos naturales más importantes de la costa atlántica peninsular. También permite controlar la línea de costa desde Malpica hasta más allá de Ferrol. Precisamente por este motivo construyeron aquí los romanos este edificio, único en el mundo, que servía como guía a navegantes hacia puerto pero también como símbolo del poder romano en un confín tan remoto del mundo. Esta fabulosa arquitectura es el rascacielos del mundo romano y el faro operativo más antiguo del mundo, razones por las que forma parte, desde 2009, de la Lista de Patrimonio Mundial de la UNESCO.

Interior Palloza Cebreiro

Esta vivienda tradicional de la montaña lucense se conoce con el nombre de "palloza". Forma parte de uno de los conjuntos mejor conservados de arquitectura popular de Galicia. Construida con los materiales del entorno para pasar los duros inviernos en altura, se encuentra junto al paso de montaña de Pedrafita, por el cual, desde la Edad Media, han cruzado los flujos de peregrinos de todo el mundo que realizaban, y siguen realizando, el Camino Francés.

Cripta del Apóstol

El núcleo simbólico de la catedral compostelana y meta final de los miles de kilómetros de Caminos de Santiago por toda Europa es este pequeño espacio que muestra el arca con los restos del Apóstol Santiago. Esta escenografía fue creada en el siglo XIX para poder mostrar a fieles y peregrinos el espacio de enterramiento tradicional del Apóstol en el subsuelo de la catedral. Explorando esta cripta, que no es visitable al público y solo se puede ver en esta experiencia de Realidad Virtual, no solo puedes ver la construcción del siglo XIX sino también parte de los restos del enterramiento original romano que la rodean.

Faro de Fisterra

Aquí, en Fisterra, muere el sol en el occidente europeo. Por esta ubicación simbólica, este cabo y su faro son uno de los lugares más conocidos y visitados de Galicia y un escenario privilegiado para el espectáculo natural del atardecer. Fisterra, un topónimo que significa, precisamente, el fin del mundo, el lugar donde la tierra desaparece bajo el océano. Con vistas de Occidente y del monte Pindo hacia el sur, este lugar es el final del Camino para miles de peregrinos, que tras visitar Compostela alargan su caminar a este punto en un ritual de despedida del sol con cierta memoria pagana.